

 **A**artística

LA FACTORIA  
TEATRO

# Señor Mundo, dígame?

**Señor Mundo, dígame?** É un recital de poesía a partires de dous poemas que Paula Carballeira regalou a A Factoría Teatro.

Son 50 minutos á procura da palabra, un recital tolo de poesía, de poesía sonora, de poesía visual... un regalo de sensacións para os sentidos.

Eleximos a poesía porque ten sonoridade, ritmo e porque podemos deconstruíla e inventala, podemos xogar con ela. A música para crear ambientes e sonoridades que nos transporten á natureza polos seus catro elementos: Terra, Aire, Auga e Lume



Recitan Rocio Gonzalez e Toni Salgado Comandados por Alfredo Rodriguez, con musica de Irene Amado, vestidos por La Canalla, decorados de Isabel Sardiña e movidos or Olga Cameselle con palabras de Paula Carballeira, Celso Antonio Garcia Teijeiro.

A súa andaina comeza na primaveira de 1992. Nace pola necesidade dos seus compoñentes de crear un espazo de difusión e potenciación da **creación teatral contemporánea** dentro dun traballo de investigación no mundo artístico e pedagóxico.

Así oito anos mais tarde, inaugura o asesoramento pedagóxico no departamento de teatro dentro da **A Artística** teatro e danza, xestionado por **A Factoría Teatro** e **Disque Danza** un espazo adicado ao fomento das artes escénicas, en especial ó teatro e á danza contemporáneas, sito en Vigo.

A Partires do 2006 colabora directamente con Disque Danza na **producción**, e comeza un traballo de investigación con artistas de **varias disciplinas**, videocreación, plásticos, vestuario, música, danza... como Xoan Anleo, Andrea Costas, La Canalla, Olga Cameselle, Xesús Valle, Ughia Pedreira...

## Señor Mundo, dígame?

O Señor Mundo nunca nunca nunca se queixa  
e segue dando voltas aínda que lle fuxan as  
cores  
todas elas  
segue dando voltas  
aínda que lle marchen as augas, as árbores,  
os animais, os desertos, as plantas e as  
selvas  
segue dando voltas  
aínda que lle desaparezan as mulleres, os  
homes, os nenos e as nenas segue dando  
voltas no universo  
ata que xa non sexa máis o Señor Mundo  
nin a Señora Terra  
ata que se volva  
estrela.



## Señor Mundo, dígame?



A nosa primeira misión e A terra,

aterramos nun país cheo de  
enanos onde veñen e van os automoviles,  
segun Celso Emilio Ferreiro:

No país do ananos veñen e van, fon, fon, os  
automoveles,

Coma bestas fuxindo non se sabe,  
Bulindo escuramente polas rúas,  
Cañimo de ningures,  
Non importa con tal de ser veloces.

Velocidade,  
Ise Moloch

De agora, aluciado,  
Queimando gasolina  
Roda, roda

Aí que chegar axiña non sei onde  
Ou non chegar xamais, o caso é ire  
Nas catro rodas, ire e despois vire,  
Coa bribaceadeira a punto.  
O asunto esta no ire e vire,  
Chegar logo marchar

Adeus que teño presa,  
Que teño moita presa, presa, presa,  
Que teño moita preesa de ter presa  
Semaforo bermello, mala sorte,  
De novo a camiñar, fon, fon  
As bestas sobre rodas,  
Veñen e van, fon, fon,  
E non se sabe.

# Señor Mundo, dígame?



**A nosa segunda misión e a procura do aire,** preguntamos, axudados de Antonio Garcia Teijeiro, a un paxaro.

“Palabras envoltas en cancións” Antonio García Teijeiro

Que cante o paxáro  
Que o quero escoitar  
Que deixe as palabras,  
Que esgace os xornais.  
Que rache o silencio  
Que bique nós mans  
Que baile no ceo  
Que esvare no mar.  
Que voe o paxaro  
Que pinte con sal  
Que tinxe ás mentiras  
Que pase o limiar.  
Que escriba un poema  
Que esqueza calar  
Que chie na fraga  
Que chore no val  
¡Que cante o paxaro  
que o quero escoitar!

# Señor Mundo, dígame?

## A terceira misión: A auga

Na procura da auga, a nosa terceira misión, surmexemonos no fondo do mar para preguntarlle ao señor peixe por ela, axudados por Ana Maria Fernandez

ondas do mar,  
verdes ondas,  
altas, baixas,  
longas, fondas;  
ondas cun facho de espuma,  
ondas que buscan fortuna,  
ondas que son latriqueiras  
e de ribeira en ribeira  
salt en máxicas dunas;  
ondas que bican os fondos  
e remontan altos tombos,  
ondas que estralan,  
que brúan;  
ondas con dedos de chamas,  
ondas que abraián e aclaman,  
ondas que xuntan areas,  
ondas que atrapan sereas,  
ondas que contán fazañas,  
ondas que erguen montañas,  
ondas do sur e do norte,  
ondas que esconden a vida  
ondas que tecen a Morte  
ondas pequenas mainiñas,  
ondas que cubren o mundo,  
Moradoras da mariña,  
mensaxeiras do profundo.



# Señor Mundo, dígame?

## A cuarta misión: O lume

Hai alegría ao sentir a calor  
Entrando no mundo,  
Ao ver o sol volver sobre as súas antigas  
pegadas  
No ceo de verán.

Oh, a calor do sol que agora chega!  
Non hai vento. Ama hai!  
Non hai nin una nube no ceo.  
Choro coa alegría, deitado na terra.  
Ama hai!  
E aló arriba vexo o bo caribú  
Entre as montañas  
Pastando na afastada néboa.  
Haia, haia, hai!  
Que alegría! Que arroutada!  
Aia, aia, haia, hai.



# Señor Mundo, dígame?



**Contacto:**

**Alfredo Rodríguez**  
alfedorofe@yahoo.es

**A factoría teatro**

mundodigame.blogspot.com  
Tlf: 679 449 976